



**REFERENCIA DO CONSELLO EXTRAORDINARIO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolou Galicia durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso

INFORMES

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Informe sobre o Plan do voluntariado para a defensa do monte galego

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre actuacións de emerxencia e protección civil durante o pasado período de incendios forestais

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre avaliación de danos producidos e medidas de recuperación económica

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe en relación coa afección dos últimos incendios



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Informe sobre perdas ou danos nos sectores turístico e industrial, e medidas urxentes de carácter compensatorio

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a vaga de incendios forestais do mes de agosto

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Informe provisional sobre os danos producidos no patrimonio cultural galego a causa do lume

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre incidencias asistenciais durante a vaga de incendios na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre as medidas adoptadas para a avaliación e seguimento da posible afección dos incendios aos bancos marisqueiros e aos polígonos de bateas de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre medidas urxentes de carácter medioambiental
- Informe comparativo de diversas variables meteorolóxicas dos anos 2001-2005 co ano 2006 no período do 14 de xullo ao 13 de agosto



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO DE MEDIDAS URXENTES DE AXUDA PARA A REPARACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA VAGA DE INCENDIOS DE AGOSTO POR IMPORTE DE 13 MILLÓNS DE EUROS

- *O decreto abre nove liñas de apoio económico para paliar os danos provocados polos incendios forestais*
- *As axudas son complementarias e compatibles coas que aprobe o Goberno de España*

O Goberno galego aprobou no Consello extraordinario reunido hoxe en San Caetano o *Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolou Galicia durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso*. Este decreto, que recolle axudas por un valor estimado inicial de 13.097.500 euros, constitúe a primeira medida de choque implementada polo Executivo presidido por Emilio Pérez Touriño para indemnizar e reparar os danos máis urxentes provocados polos lumes, sendo as axudas complementarias e compatibles coas que habilitará o Goberno de España.

O decreto aprobado esta mañá articula un sistema de axudas para paliar os danos causados polos incendios, atender as situacións de necesidade en que se poidan atopar os colectivos directamente afectados e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade económica das zonas afectadas.

Nel contéplase a concesión directa de axudas e subvencións públicas ao acreditarse razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ao tempo que establece que estas serán complementarias e compatibles coas medidas que a Administración Xeral do Estado adopte no futuro, co fin de asegurar un maior grao de protección fronte aos incendios e a súas consecuencias.

A concesión das axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, nacional ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos ata o límite do valor do dano producido.

Liñas de axuda

O decreto abre nove liñas de axuda destinadas a reparar danos persoais e danos causados en vivendas e utensilios domésticos; repoñer infraestruturas e equipamentos privados danados; compensar os danos e perdas sufridas en explotacións agrícolas e gandeiras, así como en establecementos mercantís,



industriais, e turísticos; cubrir danos provocados en infraestruturas das entidades locais; e axudas para a morte de gando, a restauración dos terreos queimados destinados a pasto e cultivos forraxeiros e a recuperación dos terreos e hábitats cinexéticos.

Axudas por danos persoais

O decreto contempla tres supostos para a concesión delas: falecemento, incapacidade absoluta permanente e lesións que causasen a hospitalización da persoa ferida. O importe desta axuda será para o caso de falecemento e incapacidade permanente absoluta de 18.000 euros, e de entre 60 e 103 euros por día de hospitalización. En ningún caso poderán superarse as contías que resultan de aplicar o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, recollido no Texto Refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de Vehículos a Motor.

Axudas por danos causados en vivendas e utensilios domésticos

As achegas económicas dirixiranse a paliar os danos causados na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores, na parte non comprendida nas axudas que poida aprobar a Administración do Estado. O importe cubrirá o 100% do valor do inmovible danado, sen que en ningún caso a contía da axuda poida superar o límite do 100% do prezo de venda dunha vivenda de promoción autonómica na mesma localidade.

Tamén se habilitan axudas para os danos causados no resto das vivendas, sen que en ningún caso o importe delas poida superar o 40% do prezo de venda dunha vivenda de protección autonómica na mesma localidade. O decreto exclúe das axudas as edificacións ruinosas e as que se atopen en manifesto abandono. Aos efectos do decreto, entederase por vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias.

Igualmente, recóllense axudas para os danos sufridos en aparellos domésticos de primeira necesidade, cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto aprobe a Administración do Estado.

En todos os casos, os beneficiarios destas achegas serán os propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios dos bens.

Axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados

Neste epígrafe, o decreto abre unha liña de reparación dos danos causados en camiños forestais, captacións de auga, cerramentos e bebedeiros de titularidade privada situados en terreos forestais.



As axudas tamén cobren os danos causados na maquinaria e equipamento agrícola ou forestal ocasionados en tarefas de colaboración nos labores de extinción de incendios forestais, na medida en que non foran cubertas pola Administración Xeral do Estado.

Axudas por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras

Habilítanse axudas para cubrir os danos causados polos incendios forestais nas explotacións agrícolas e gandeiras que non foran cubertos polas medidas que adopte a Administración Xeral do Estado ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado.

Axudas para establecementos mercantís, industriais e turísticos

O decreto prevé axudas para reparar os danos provocados nos establecementos industrias e mercantís como consecuencia directa dos incendios. O decreto tamén prevé axudas para cubrir as perdas sufridas por establecementos turísticos que fosen desaloxados ou que, como consecuencia directa dos incendios, sufriran anulación ou cancelación de reservas por importe superior ao 40% da súa capacidade no período abranguido no decreto.

Axudas ás entidades locais

Tamén se contemplan axudas para reparar os danos provocados en infraestruturas locais, non recollidos nas axudas que poida aprobar a Administración Xeral do Estado, así como os gastos extraordinarios en que incorreran debido aos traballos de extinción dos incendios.

Outras axudas

Finalmente, o decreto aprobado esta mañá tamén fixa compensacións noutros tres supostos: a morte de gando que estivese incluído no Rexistro de Explotacións Gandeiras; a restauración dos terreos queimados dedicados a pasto e cultivos forraxeiros de explotacións gandeiras; e a recuperación dos terreos e hábitats cinxéticos nas zonas afectadas.

Finalmente, o decreto estipula que terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas –en todo caso as hidráulicas, de transporte e as estradas– ou equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados polos incendios, calquera que sexa a súa contía. E declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización destas obras.

O decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVISTE CASE 1,4 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN DE VOLUNTARIADO EN DEFENSA DO MONTE GALEGO

- *O Consello da Xunta estudou na súa xuntanza de hoxe un informe da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar sobre este programa, que botou a andar coa posta en marcha do número 900 400 800*
- *O plan estrutúrase en tres fases: labores de vixilancia e intendencia na época de lumes, limpeza e reforestación de montes e realización de campos de voluntariado ambiental para acadar maior sensibilización social neste eido*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, deu a coñecer hoxe na reunión do Consello da Xunta un informe sobre o Plan de Voluntariado en Defensa do Monte Galego, un programa de voluntariado, sensibilización e información sobre a necesidade de protexer o medio natural de Galicia, en especial os nosos montes. Trátase dun plan non concibido como un programa puntual para saír ao paso dun momento complicado como o que viviu Galicia coa vaga de lumes, senón dun plan cunha vixencia permanente para acadar unha verdadeira cultura do monte e unha auténtica valorización do rural galego.

O Plan de Voluntariado en Defensa do Monte Galego está impulsado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. O programa tentará involucrar, ademais, a todo o tecido social galego vencellado á problemática dos incendios forestais, dende distintos departamentos da Xunta (como a Consellería de Medio Rural ou a Dirección Xeral de Patrimonio) ata os concellos, as universidades ou as organizacións ecoloxistas. Vicepresidencia dedica a este plan un investimento de 1.398.600 euros.

Tres fases

O Plan de Voluntariado en Defensa do Monte Galego estrutúrase en tres fases diferenciadas: unha primeira de axuda inicial na loita contra os lumes mediante labores de vixilancia e intendencia, que se está desenvolvendo durante os meses de agosto e setembro. Esta fase é a que se puxo en marcha tras o arranque do Teléfono en Defensa do Monte Galego, o 900 400 800, no que se reciben as chamadas dos voluntarios que queren sumarse para traballar a prol dos nosos montes.

A segunda etapa desenvolverase entre outubro e abril (aínda que hai traballos previos que xa se están realizando e que se prolongarán tamén durante o mes de setembro) e consistirá nos traballos de limpeza e rexeneración dos montes queimados. As tarefas concentraranse en sete áreas de actuación: Costa da Morte, Barbanza, Compostela-Val da Mahía, Pontevedra-Tabeirós, Salnés, O Morrazo e Baixo Miño. Nesta fase,



antes de comezar os traballos, os voluntarios asistirán a módulos de formación onde se lles explicarán os labores a realizar e os métodos empregados. En todo caso, a recuperación dos terreos queimados levarase a cabo en plena coordinación cos técnicos da Consellería do Medio Rural e mediante a dirección de equipos de técnicos especializados que lles indicarán aos voluntarios o que ir facendo en cada momento.

De maio a xullo de 2007 terá lugar a terceira fase do programa coa posta en marcha dos campos de voluntariado ambiental, cuxo obxectivo fundamental será a formación e a sensibilización da cidadanía co medio natural de Galicia. Nesta fase, os voluntarios participantes nos campos realizarán tarefas de vixilancia disuasoria e localización de zonas potencialmente perigosas para os lumes (desprazamentos polos montes, atopar lugares con maleza, localizar zonas de especial riqueza patrimonial ou espazos sensibles aos lumes, etc) e darán conta doutras actividades lúdicas e deportivas, como obradoiros, xogos ou sendeirismo.



A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA INFORMOU NO CONSELLO DAS EMERXENCIAS POR INCENDIOS FORESTAIS ENTRE O 4 E O 16 DE AGOSTO

- *Neste período recibíronse no centro de atención de emerxencias 112-Galicia un total de 53.738 chamadas e realizáronse 16.135 mobilizacións de diferentes recursos*

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou hoxe no decurso da reunión do Consello da Xunta un informe sobre a emerxencia por incendios forestais entre os pasados días 4 e 14 de agosto.

No que se refire aos incendios do nivel 2, que son aqueles que pola súa gravidade requiren a actuación de medios extraordinarios provenientes doutras administracións, desde o día 6 de agosto declarouse o nivel 2 nas provincias da Coruña e Pontevedra, e desde ese momento solicitouse axuda ao Exército e a outras comunidades autónomas e activáronse os protocolos previstos no PLATERGA coa formación de Centros de Coordinación Operativa Integrada (CECOPI) provinciais e un autonómico, integrándose neles os representantes das diversas administracións na medida en que se van incorporando os diferentes recursos para resolver a emerxencia

Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia

No que se refire á emerxencia por incendios forestais, no período comprendido entre o 4 e o 14 de agosto recibíronse no centro de atención de emerxencias 112-Galicia un total de 53.738 chamadas, o que dá unha media de chamadas diarias de 4.478 (un 15% menos que o ano anterior nas mesmas datas); non obstante, xestionáronse o dobre de emerxencias chegando a realizarse ata 16.135 mobilizacións de diferentes recursos cunha media de 1.344 diarias (un 21% máis que o ano anterior). Case o 60% do total de emerxencias xestionadas e recursos mobilizados foron por motivo dos incendios.

Para poder atender esta demanda excepcional adoptáronse as seguintes medidas: modificar o programa informático para reducir o máis posible o número de chamadas en espera; realizar un cambio no protocolo de xestión da chamada de modo que se deriven a outros centros aquelas chamadas que non afecten estritamente aos incendios; implementar o número de operadoras (150% na quenda de mañá e un 200% na quenda de tarde e o de noite); implementar o número de informáticos e presenza 24 horas; e implementar o apoio técnico administrativo, con presenza 24 horas.

Segundo datos do 112, do número total de incidencias producidas polos incendios entre os días 4 a 14 de agosto (4.035) case un 26% (1.038) foron próximas a vivendas. Producíronse 35 desaloxos preventivos en 34 concellos, dos cales só en



dous (Muros e Rianxo) se chegou a evacuar persoas e só por unha noite. Só no 4% do total de incendios próximos a vivendas se produciron danos nas mesmas e non hai confirmación de que estas estivesen habitadas. A pesar de se rexistrar moitos incendios próximos a gasoleiras, en ningún caso consta que ardese ningunha delas.

Funcionamento do CECOPI Galicia

No que se refire ao funcionamento do CECOPI Galicia, Méndez Romeu informou que este centro de coordinación estivo constituído por representantes das diversas administracións intervincentes na emerxencia (Xunta de Galicia e Administración Xeral do Estado) e unha comisión de asesoramento técnico.

Durante toda a crise, realizábanse dúas reunións diarias: unha ás 9,30 da mañá e outra ás 21,00 da tarde. Nestas reunións facíase unha avaliación da situación repasando os temas principais segundo os informes que achegaban cada un dos representantes dos diversos servizos das distintas administracións. Ademais, realizouse un plan de comunicación interna e externa coa finalidade de unificar todos os fluxos de información de modo que tanto polo método como polos contidos se manexase unha información unitaria principalmente sobre os medios e recursos, estado da situación e actuacións realizadas.

Entre outras funcións, recibíanse e comentaban os informes dos CECOPI Provinciais (Coruña, Pontevedra e Ourense) para contrastar os datos coas incidencias e informes salientados no CECOPI Galicia; realizábase unha avaliación da situación (situación dos incendios, seguridade, despregamento militar, situación de estradas e infraestruturas, incidencias e despregamento do operativo); e facíase un seguimento diario da actividade dos servizos contra incendios das diferentes CC.AA así como unha actualización cuantitativa diaria dos recursos dispoñibles con referencia aos lugares de actuación.

Así mesmo, desde o CECOPI Galicia, a través da Subdirección Xeral de Emerxencias de Protección Civil estíbese en constante comunicación cos alcaldes dos diferentes concellos afectados e coordinábanse os medios e recursos dispoñibles. Pola súa banda, o Conselleiro de Presidencia informaba o comité de dirección da emerxencia presidido polo presidente da Xunta.

Distribución de funcións operativas

No que se refire á distribución das funcións operativas, desde a Dirección Xeral de Montes mobilizáronse os servizos contra incendios forestais así como a dos medios provenientes das CC. AA., doutros organismos do Estado e do Exército (os referentes a asegurar perímetros e facer devasas) e determinábanse as estratexias e obxectivos principais e mobilizábanse os recursos correspondentes.



Pola súa banda, a Dirección Xeral de Protección Civil encargouse da xestión das chamadas de emerxencia e mobilización dos recursos correspondentes a través da central 112-Galicia.; a coordinación e mobilización dos Bombeiros das grandes sete grandes cidades e dos parques comarcais dos consorcios de entidades locais, policía autonómica, e enlace de dispositivos de reforzo de protección de persoas dos Ministerios de Defensa e Interior; de coordinar coa Dirección Xeral de Protección Civil do Ministerio de Interior os recursos provenientes da activación dos mecanismos Nacional e Europeo de Protección Civil, si como dos convenios internacionais de asistencia mutua con terceiros países (Marrocos e Andorra); coordinar as agrupacións locais de voluntarios de protección civil (64 agrupacións con máis de 2800 voluntarios) como forzas auxiliares e de apoio aos axentes de extinción, loxística, tráfico e información. Ademais, as agrupacións serviron para coordinar a incorporación dos voluntarios captados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude.



ECONOMÍA E FACENDA VALORA EN 99 MILLÓNS AS PERDAS OCASIONADAS POLO LUME

▪ *O Consello da Xunta aprobará un Plan de Recuperación a vindeira semana*

O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou hoxe no Consello da Xunta a valoración económica realizada polo seu departamento das perdas ocasionadas pola recente vaga de lumes. A cantidade estimada destas perdas ascende a 99 millóns de euros.

Nas cifras presentadas polo conselleiro de Economía e Facenda figuran 33 millóns de euros de danos indemnizables e sobrecustos, que serán financiados conxuntamente polas administracións autonómica e central, e 66 millóns de euros que é a cantidade estimada correspondente á madeira queimada nos incendios.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto cunha dotación económica de 13 millóns de euros, que cubrirán as axudas por danos personais, os causados en vivendas e infraestruturas privadas, así como as sufridas en establecementos industriais e turísticos, a recuperación de terreos e os danos producidos en explotacións agrarias e gandeiras.

O Consello da Xunta aprobará tamén a vindeira semana un Plan de Recuperación e Impulso Forestal e Ambiental, por unha cantidade que supera os 100 millóns de euros, que será financiada pola Xunta de Galicia, a Administración central e os Fondos Europeos. Este plan abordará a rexeneración da masa forestal, a rehabilitación e implantación de infraestruturas e a loita contra a erosión e a desertización.



POLÍTICA TERRITORIAL ACOMETE LABORES DE ROZA, LIMPEZA E SINALIZACIÓN NOS TRAMOS DAS ESTRADAS AFECTADOS POLO LUMES

- *O custe total desta actuación estímase en 2,1 millóns de euros*

Os equipos de conservación integral de estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes están a executar labores de desbroce, limpeza e de reposición da sinalización deteriorada en todos aqueles treitos das estradas galegas que se viron afectados polos incendios forestais acontecidos en Galicia nas últimas semanas.

As primeiras estimacións apuntan a que o custe desta actuación será duns 2,1 millóns de euros, aínda que a Consellería está a realizar unha valoración máis exhaustiva dos traballos que se deben acometer antes de pechar un orzamento concreto.

Segundo un informe presentado hoxe pola conselleira, María José Caride, na reunión do Consello da Xunta, estes equipos de conservación integral de estradas desenvolverán os seus labores nas vías da franxa atlántica principalmente, xa que foi a zona máis afectada polos lumes.

Os traballos céntranse na roza, corta e eliminación de troncos nos bordes queimados das vías nas zonas de dominio público, así como na reparación de firmes en zonas localizadas que sufriron desperfectos como consecuencia da caída de árbores. Outro dos eidos en que se traballa é na reposición de sinais verticais, da carteleira informativa, das barreiras biondas e dos captafaros. Así mesmo acometeranse labores de limpeza das beiravías e dos drenaxes lonxitudinais e transversais que existen nas estradas.

Cabe salientar que os equipos de conservación que a CPTOPT ten distribuídos polas catro provincias xa estiveron colaborando coa Garda Civil de Tráfico nos días en que a actividade incendiaria foi máis acusada e, en concreto, naquelas zonas máis afectadas como foron o sur da provincia da Coruña e o norte de Pontevedra. En total, ditos equipos participaron en 12 intervencións para cortar e reordenar o tráfico en distintas estradas galegas.

Cortes de tráfico

O informe recolle que, entre os pasados días 4 e 14 de agosto, efectuáronse un total de 75 cortes de tráfico en distintas estradas da rede viaria galega, tanto de carácter estatal como autonómico e local, mentres que a circulación estivo ralentizada en 26 ocasións. Os días máis significativos foron o 9 de agosto, que acumulou 16 cortes nunha soa xornada, e o 10 de agosto, con interrupcións en 17 ocasións.



O conxunto de estradas de titularidade autonómica foi a que máis cortes sufriu (un total de 31 veces), seguida das 20 veces nas que se interrompeu o tráfico na Autoestrada do Atlántico (AP-9) no treito entre Santiago de Compostela e Barro. Por provincias, as estradas da Coruña rexistraron 36 cortes de tráfico, seguido de Pontevedra con 30 cortes, Lugo en 5 ocasións e Ourense en 4.

No informe salientase que, durante a vaga de incendios, a Consellería puxo á disposición do operativo de emerxencias habilitado pola Xunta de Galicia, unha relación de 17 empresas que participan na construción de obras públicas e que contan con maquinaria axeitada para colaborar nas tarefas de extinción. En concreto, as empresas que traballan nas obras da Autovía do Salnés, da Autovía Santiago-Brión e na Autovía de Cacheiras colaboraron na extinción de incendios na zona preto das obras.

Doutra banda, o pasado día 13 de agosto, as Consellerías de Presidencia e de Política Territorial deseñaron un plan de desbroce, xa en marcha, dos bordes das autoestradas e das vías de alta capacidade do litoral de Galicia, como son a AP-9, as vías do Salnés e do Barbanza e as autovías Coruña-Carballo e Val Miñor.

Este plan de traballo será revisado nunha vindeira reunión onde se analizarán os rendementos obtidos ata o momento e as necesidades de actuación futuras.

Outra das medidas adoptadas á proposta da Xunta de Galicia, a través da CPTOPT, foi a orde do Ministerio de Fomento de liberar a peaxe na AP-9 en tódolos traxectos do itinerario Santiago-Vigo co fin de garantir a mobilidade dos equipos de extinción e evitar o colapso da rede de estradas. Esta medida estivo vixente entre as 18,00 horas do día 9 de agosto e as 18,00 horas do día 14 de agosto, aínda que nos días anteriores aos citados a empresa concesionaria AUDASA liberou puntualmente as peaxes directamente afectadas por causa dos incendios forestais. Pola aplicación desta medida, a Xunta de Galicia non soportará ningún custe económico.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ARTICULARÁ AXUDAS PARA AS INDUSTRIAS E OS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS AFECTADOS POLOS INCENDIOS

A Consellería de Innovación e Industria articulará axudas para as industrias e os establecementos turísticos afectados polos incendios forestais acaecidos na primeira quincena deste mes de agosto, segundo o decreto de medidas urxentes acordado hoxe polo Consello da Xunta.

Estableceranse axudas directas aos establecementos industriais ou mercantís que sufrisen danos como consecuencia directa dos lumes. De igual xeito, serán obxecto de axuda os establecementos turísticos que sufrisen perdas por seren desaloxados ou que, como consecuencia directa dos incendios, sufrisen anulación ou cancelación de reservas por importe superior ao 40% da súa capacidade. A contía total destas axudas ascenderá a 1.300.000 euros, dos cales 1.000.000 irá destinado ás industrias e 300.000 aos establecementos turísticos.

O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando X. Blanco Álvarez, informou ademais o Consello das medidas complementarias propostas polo seu departamento para impulsar a recuperación do sector turístico galego, entre as cales se atopan o desenvolvemento dunha campaña de promoción e unha nova liña de axudas para os distintos subsectores turísticos, co obxecto de que desenvolvan accións promocionais e de mellora da oferta turística. En conxunto, este paquete de medidas contará cun orzamento de 2.700.000 euros.



MEDIO RURAL INFORMA DE QUE DURANTE A VAGA DE INCENDIOS SE REXISTRARON 1.970 LUMES QUE QUEIMARON 77.772,89 HECTÁREAS

- *Salienta que entre o 4 e o 14 de agosto producíronse picos de 300 lumes activos por día*
- *Un total de 93 concellos resultaron afectados, cunha superficie queimada de máis de 100 hectáreas*
- *O dispositivo de loita contra incendios foi quen de atender 4.380 focos de nivel 1, 9.262 entidades de poboación e miles de casas illadas*

A Consellería do Medio Rural presentou esta mañá no Consello da Xunta o Informe sobre a vaga de incendios forestais da primeira quincena de agosto, no que presenta un balance pormenorizado dos lumes que se produciron durante este período, a súa tipoloxía, as áreas afectadas e os medios empregados na súa extinción.

Das cifras máis salientables deste balance, entre os días 4 e 15 de agosto, destacan o número de lumes, que se sitúa nun total de 1.970, facendo especial fincapé nas provincias da Coruña e Pontevedra, con 746 e 610 lumes, respectivamente. Sinálase que se produciron picos de 300 lumes activos por día, tendo en conta reproducións e lumes pendentes de extinguir de días anteriores, tendo a maioría deles varios focos (unha media estimada de 5 focos por lume).

Como consecuencia, un total de 93 concellos resultaron afectados, cunha superficie queimada de máis de 100 hectáreas, dos que 46 tiveron máis de 500 hectáreas afectadas. A superficie total afectada nesta vaga de incendios sitúase nas 77.772,89 has (A Coruña 27.561 hectáreas, Lugo 2.065, Ourense 10.341 e Pontevedra 37.804).

Ademais, durante os días nos que durou a situación excepcional, o dispositivo contra incendios foi capaz de atender 4.380 focos de Nivel-1, así como a 9.262 entidades de poboación, casas e instalacións dispersas e illadas.

O dispositivo de medios recollido no Plan INFOGA 2006 estaba composto por 31 medios aéreos, 477 brigadas (entre brigadas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, concellos subvencionadas, GRUMIR e GLPA), unha brigada especializada de loita contra incendios (o que supón a dispoñibilidade de 6 brigadas máis), 27 patrullas de vixilancia móbil, 271 motobombas, 137 desbrozadoras, 18 bulldozers e góndolas, 65 cisternas e 2 pick-up. Tras a incorporación de axuda externa o incremento de recursos foi notable, que se resume en 1.241 especialistas, 36 medios aéreos e 268 medios terrestres máis traballando nas tarefas de extinción.



Neste informe apúntase que o aumento de lumes de Nivel-1 tan desproporcionado, o número de lumes en poboacións escapate (caso de Santiago de Compostela con 50 lumes), a localización da maioría dos focos (no interfaz urbano-forestal), o número de detidos en tan pouco tempo e o incremento dos lumes nas horas centrais do día, son factores suficientes para indicar a direccionalidade dos lumes coa intención de facer dano e de converter rápidamente os incendios en problemas de orden público e de seguridade cidadá.

Tamén se subliña que o incremento de lumes de Nivel-1 (33 veces máis lumes que no 2005) e o despregue que fixo falta implementar, fixeron extremadamente complicado deseñar un operativo para facer fronte a unha situación tan atípica e excepcional, tanto desde o punto de vista económico como do de previsión de medios.



CULTURA ESTÁ A AVALIAR OS DANOS NO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO CAUSADOS POLO LUME

- *Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio seguiron desde un primeiro momento a posible incidencia dos lumes en petróglifos*
- *A Consellería colabora con outros departamentos para que as accións de prevención e de extinción respecten o patrimonio*

A Consellería de Cultura está a realizar unha avaliación dos danos que a vaga de lumes puido provocar no patrimonio, principalmente restos arqueolóxicos que se atopan nalgúns dos montes que arderon. Cultura tamén está a colaborar con outros departamentos para garantir que as medidas que se tomen en canto a prevención e extinción non prexudiquen estes restos.

A Consellería estudará de que forma o lume afectou a restos arqueolóxicos tal que mámoas ou arte rupestre, se ben xa puido confirmar que os petróglifos que se integrarán no futuro parque de interpretación da arte rupestre de Campo Lameiro non se viron afectados. Desde o comezo da vaga técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio estiveron permanentemente na zona para comprobar a evolución dos lumes e garantir que non entrasen na área delimitada. Como medida de prevención, os arqueólogos da Consellería cubriron cun material téxtil e con terra un dos petróglifos que podía sufrir máis riscos.

Xunto a este traballo de avaliación, a Consellería de Cultura está a traballar para que as accións de prevención e extinción de lumes sexan respectuosas cos restos arqueolóxicos. Trátase de que as tarefas que se realicen nos montes contén co asesoramento da Dirección Xeral para que teñan en conta as localizacións dos restos e tomen medidas de salvagarda.



OS DISPOSITIVOS SANITARIOS CONVENCIONAIS ABSORBERON SEN INCIDENCIAS AS DEMANDAS DE ATENCIÓN DURANTE O PERÍODO DE INCENDIOS EN GALICIA

- *A sanidade pública galega atendeu de xeito ordinario a todas as persoas que precisaron asistencia sanitaria*
- *Non se produciron en ningún momento situacións de saturación ou emerxencia que provocasen a activación de medidas especiais*
- *Rexístráronse un total de 514 atencións de xeito ambulatorio, 14 ingresos hospitalarios e 137 atencións por parte do 061*

A rede sanitaria pública galega absorbeu as demandas de atención que se produciron durante o período de incendios en Galicia. Os servizos e centros da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde responderon e atenderon con normalidade a todas as persoas que precisaron asistencia sanitaria provocada por esta situación excepcional, sen que se producise saturación asistencial nin disfuncións que afectasen á normal actividade clínica.

Sobre esta cuestión incidiu esta mañá a conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, no informe que presentou ao Consello da Xunta de Galicia. A existencia de numerosos incendios, e de xeito simultáneo, provocou o incremento de determinadas patoloxías, na maior parte leves, que precisaron atención sanitaria. Polo que, pola excepcionalidade da situación, o luns día 7 de agosto, a sanidade pública galega puxo en marcha un operativo telefónico de coordinación cos centros hospitalarios e xerencias de Atención Primaria máis afectados, co obxecto de responder de xeito inmediato ante calquera anomalía que se puidese producir neles.

De xeito paralelo, o martes 8 de agosto, a Dirección Xeral de Saúde Pública puña á disposición da cidadanía a través da súa páxina web e dos medios de comunicación as recomendacións xerais e as diferentes medidas de prevencións do risco provocado polos incendios forestais. Ademais, este departamento coordinábase con Protección Civil e coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a vixilancia permanente do Sistema de Información sobre a Calidade do Ar Atmosférico.

A persistencia da situación provocou que, o mércores día 9, se puxese en marcha un Comité de Coordinación, nos servizos centrais da Consellería de Sanidade, con todos os dispositivos asistenciais da rede pública, que incluía información regrada diaria sobre incidencias, para a abordaxe inmediata de calquera actuación e a oportuna comunicación a outros organismos ou consellerías implicadas. Este Comité desactivouse oficialmente o mércores día 16 despois da constatación da inexistencia de lumes activos.



Actuacións e asistenciais

Así, durante este período, producíronse en Galicia un total de 514 atencións de xeito ambulatorio, 14 ingresos hospitalarios, e 137 atencións por parte do 061 atribuíbles de forma inequívoca á acción directa ou indirecta dos incendios.

Os procesos clínicos atendidos de xeito ambulatorio nos consultorios, centros de saúde, Puntos de Atención Continuada e Servizos de Urgencias hospitalarios distribúense do seguinte xeito:

PROCESOS CLÍNICOS ATENDIDOS DE XEITO AMBULATORIO	
Procesos respiratorios agudos (inclúen reagudización de EPOC preexistente):	194
Queimaduras	43
Lesións accidentais	54
Procesos oculares	154
Outros procesos	69
TOTAL ATENCIÓNS	514

Xunto con isto, produciuse o falecemento dun paciente ingresado no centro hospitalario Povisa de Vigo por queimaduras no 25% do seu corpo.

Pola súa banda, a rede operativa de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 funcionou con total efectividade e normalidade, realizando non só as súas tarefas habituais, senón ademais tarefas de evacuación de persoas inmobilizadas nos seus domicilios.

Deste xeito, producíronse 137 procesos asistenciais -o 1,1 por cento do total dos atendidos neste mesmo período- que tiñan a súa orixe nos incendios forestais, para os cales se mobilizou recurso en 96 deles. O maior número de chamadas producíase por procesos respiratorios (43), seguido de alteracións da consciencia (26), de petición de información (21), traumatismos e queimaduras (13), ou ansiedade (12), entre outras.

Complementariamente, adoptáronse medidas de carácter preventivo nos perímetros dos hospitais de Toén (Complexo Hospitalario de Ourense), Calde (Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo) e Hospital da Costa de Burela, pola súa proximidade a importantes superficies arbóreas.

Tamén se actuou ante a existencia de lume nas inmediacións dos PAC de Viana do Bolo e de Bande, en Ourense; e nos hospitais do Salnés, en Vilagarcía e da Barbanza, en Ribeira, sen consecuencias para os centros.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ O SEU VISTO E PRACE AO DISPOSITIVO POSTO EN MARCHA POR PESCA CON MOTIVO DA VAGA DE INCENDIOS

- *As primeiras análises feitas da auga, nos bancos marisqueiros e nos polígonos de bateas descartan alteracións provocadas polas cinzas.*

O Consello da Xunta vén de dar hoxe o seu visto e praxe ás medidas adoptadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para determinar os posibles efectos sobre o medio mariño dos incendios forestais que afectaron a Galicia. Neste senso, o Intecmar (Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia), centro dependente de Pesca, ten establecido un sistema de control para detectar as posibles alteracións das augas e, de ser así, os efectos que estes cambios terían nos polígonos de bateas e nas zonas de produción de moluscos.

O traballo ten como obxectivos determinar se existe un aumento de partículas en suspensión na auga do mar nas zonas de produción tras as choivas da pasada semana, valorar un posible incremento na concentración de materia orgánica disolta nas concentracións de sales nutrientes (nitratos, nitritos, fosfatos, silicatos e amonio), avaliar os niveis de oxíxeno disolto na columna de auga, ademais de facer un seguimento das posibles consecuencias no fitoplancto, a través da análise da concentración de clorofilas, e o estudo dos efectos, se os houber, sobre a composición das comunidades de fitoplancto e a súa diversidade específica.

Para reforzar o control habitual e determinar as secuelas que puidesen provocar os arrastres tras as choivas, procedeuse á instalación de turbidímetros en bateas representativas das principais zonas de produción de moluscos da Ría de Arousa e na zona máis próxima á desembocadura do río Ulla. Estes días estase procedendo á instalación de novos equipamentos para dar cobertura ás demais rías galegas.

Así mesmo, estanse a recoller mostras complementarias, mediante botellas oceanográficas, para a análise de carbono orgánico disolto, materia orgánica e sales nutrientes, incrementando a frecuencia das mostraxes nas zonas internas das rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo para localizar posibles variacións da concentración na auga.

Por outra banda, farase unha mostraxe específica de moluscos e conservaranse as mostras para as análises de biotoxinas, metais, organoclorados, hidrocarburos e patóxenos.

Persoal

Actualmente están a traballar nos posibles efectos da vaga de incendios por parte do Intecmar, persoal da Unidade Oceanográfica e Fitoplancto, que realiza un seguimento



semanal en 48 estacións para detectar calquera alteración nas augas das variables oceanográficas, as clorofilas e o fitoplancto. Pola súa banda, a Unidade de Bioxeoquímica Mariña realiza o seguimento do carbono disolto, materia orgánica e sales nutrientes en máis de 40 estacións da costa galega, mentres que a Unidade de Biotoxinas do centro está a facer o control de biotoxinas mariñas nos organismos con destino ao consumo humano, nos polígonos de bateas e zonas de produción de moluscos.

O persoal adscrito ás unidades de Metais, Organoclorados e Hidrocarburos realiza controis de mexillón de rocha, polígonos de bateas e zonas de moluscos en máis de 60 puntos do litoral para determinar a presenza de metais, organoclorados ou hidrocarburos nos moluscos. Por último, os técnicos das unidades de Microbioloxía e Patoloxía estanse a encargar do seguimento e control macrobiolóxico das zonas de produción e da posible aparición de patoloxías nestas especies.

Traballo nas delegacións de Pontevedra e A Coruña

Ademais, un equipo formado polos biólogos de zona das delegacións da Consellería de Pesca en Pontevedra e A Coruña, en colaboración coas asistencias técnicas das confrarías, está facendo un estudo estimativo da produción de recursos pesqueiros dos últimos anos e tamén das diferentes especies que se atopan nos bancos marisqueiros máis próximos ás desembocaduras dos ríos. Isto permitiranos facer unha comparativa dos resultados que se obteñan agora e nun futuro coas cifras de anos anteriores, no mesmo período de tempo. O obxectivo desta medida, que se completará cos datos da venda en lonxa, é determinar se existe unha posible afección da cinza nas zonas de produción.

Este tipo de mostraxe tan exhaustiva é habitual no mes de setembro e ten como finalidade a avaliación do estado dos recursos para propor os plans de explotación anuais. Debido á vaga de incendios, dende a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, decidiuse adiantar este traballo para obter todos os resultados o antes posible e así poder valorar a incidencia ou non deste suceso nos bancos marisqueiros.

Metodoloxía

A posición das estacións oceanográficas e puntos de control para a análise dos moluscos pode ser consultada na páxina web do Intecmar (www.intecmar.org).

Os turbidímetros foron colocados nas bateas máis próximas ás desembocaduras dos principais ríos, trátase de turbidímetros STM SeaPoint conectados a Datalogger Campbello. Os aparellos, formados por sensores protexidos con camisas de cobre, recollen un dato cada tres minutos e permiten comprobar aos técnicos a turbidez da auga. Pola súa banda, as análises de carbono orgánico fanse mediante TOC sobre mostras recollidas con botellas oceanográficas, mentres que as análises de variables



oceanográficas: salinidade, temperatura, osíxeno disolto, fluorescencia e transmitancia na columna de auga fanse mediante CTD Seabird 25. Por outro lado, as analíticas de clorofilas "a", "b" e "c" en dúas fraccións estanse a facer sobre extractos cetónicos de mostras filtradas en filtros de fibra de vidro, mediante a técnica de espectrofluorimetría.

Primeiros resultados

A avaliación dos primeiros resultados obtidos dos turbidímetros que ata agora foron instalados polo Intecmar nos polígonos de bateas Vilagarcía A, Vilagarcía B e A Pobra B, sumerxidos a tres metros de profundidade, mostran valores totalmente normais para a zona e para esta época do ano, en comparación cos datos dispoñibles de campañas anteriores. Pola súa banda, as análises de carbono orgánico disolto na auga do mar, nos puntos de control que ata o momento foron mostraxeados (zonas de produción Noia A, Muros B, Vilagarcía A, Vilagarcía B, Portonovo A e Redondela B), non presentan diferenzas cos valores esperados.

Así mesmo, os datos do Sistema de Control nas 48 estacións de Condicións Oceanográficas e Fitoplancto e de Bioxeoquímica Mariña do Intecmar amosan, ata a data, unha situación de normalidade para a época do ano tanto en salinidade como en temperatura, fluorescencia, irradiancia, transmitancia e osíxeno disolto na columna de auga, así como na abundancia e composición de especies de fitoplancto e clorofilas nos primeiros 15 metros.

No que se refire ao traballo que están levando a cabo os biólogos de zona das delegacións da Consellería de Pesca na Coruña e Pontevedra, dos primeiros resultados despréndese que polo de agora non existe afección ningunha nos bancos marisqueiros por mor dos incendios forestais.

De feito, para avaliar o estado actual destas zonas de produción adiantouse o dispositivo de mostraxe poboacional do mes de setembro para ter datos actuais das poboacións existentes nos bancos posiblemente influenciados, é dicir, os que se atopan no fondo das rías. Deste xeito, os biólogos en colaboración coas asistencia técnicas das confrarías mostrexaron os bancos naturais no ámbito dos pósitos de: Ría de Vigo (Arcade, Redondela e Moaña), Ría de Pontevedra (Pontevedra-Raxó e Lourizán), Ría de Arousa (Carril e Rianxo) e Ría de Muros e Noia (Muros e Noia).

As análises consistiron en coñecer a biomasa actual destes bancos marisqueiros para que, no caso de que exista un incremento de publicidade que dese lugar a enchentes e achegamento das cinzas e arxilas das zonas queimadas, se poida calcular o posible grao de afección nas especies.



MEDIO AMBIENTE INFORMOU O CONSELLO DA XUNTA DA SÚA PROPOSTA PARA A PREVENCIÓN DA EROSIÓN DOS SOLOS QUEIMADOS E DOS RISCOS HIDROLÓXICOS

- *A Consellería traballa tamén nun proxecto para dotar os concellos afectados polos lumes forestais de plans integrados de desenvolvemento sustentable*

O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible expuxo no Consello da Xunta un informe de Meteogalicia sobre as variables meteorolóxicas entre 2001-2005 en comparación co período do 14 de xullo ao 13 de agosto deste ano, así como dous proxectos para as zonas afectadas pola vaga de lumes deste verán.

O primeiro consiste nunha proposta de prevención da erosión dos solos queimados e dos riscos hidrolóxicos, un plan en que xa comezou a traballar a Consellería, en colaboración cun comité científico constituído especificamente para esta tarefa. O grupo asesor está integrado por investigadores das tres universidades galegas, do Consello Superior de Investigacións Científicas, así como do Centro de Investigación e Información Ambiental de Galicia (sede en Lourizán, Pontevedra), que depende da Consellería de Medio Ambiente, e do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (A Coruña), adscrito a Medio Rural.

Este plan pretende establecer accións tanto urxentes como a medio prazo para a restauración ecolóxica dos solos afectados pola vaga de lumes. Busca ademais evitar ou minorar os impactos potenciais que as alteracións hidrolóxicas causadas pola deforestación das zonas queimadas poidan exercer sobre as marxes fluviais. O grupo científico, baixo a coordinación do director xeral de Desenvolvemento Sostible, xa comezou a traballar na primeira fase deste plan, que consiste en elaborar mapas de riscos hidrolóxicos e de erosión de solo que permitan, mediante o uso de indicadores axeitados, identificar as áreas máis vulnerables tras os incendios así como deseñar actuacións de prevención específicas, en función do seu grao de vulnerabilidade. Trátase de actuar de xeito rigoroso na restauración do substrato edáfico dos solos queimados e en minimizar os riscos hidrolóxicos previsibles despois da deforestación.

No Consello da Xunta tamén se analizou un proxecto de Medio Ambiente para dotar de plans integrados de desenvolvemento sustentable aos concellos afectados pola vaga de lumes deste verán. Estes plans pretenden ofrecer ás institucións locais unha resposta para compaxinar e integrar o desenvolvemento social e económico dun municipio coa conservación dos seus recursos naturais. Estas ferramentas de planeamento resultan especialmente necesarias para reformular modelos de desenvolvemento dun territorio afectado por unha regresión do seu sistema natural, como é o caso dos municipios galegos que sufriron estragos polos lumes nunhas porcentaxes significativas das súas superficies.